

PREMIOS MAX

Gustavo Pernas, mellor autor teatral en galego por 'Paso de cebra'

Gustavo Pernas Cora acadou na noite deste luns o Premio Max ao mellor autor teatral en galego pola peza 'Paso de Cebra'. O dramaturgo viveirense [competía](#) nesta categoría con Cándido Pazó (por 'García') e Eduardo Alonso (por 'Confesión'). Da IX gala dos Max, celebrada en Barcelona, saíron triunfantes a compañía madrileña Animalario, coa obra 'Hamelin', e a catalana Dagoll Dagom polo musical 'Mar i Cel'. As perdedoras da noite foron La Celestina e Solas, mentres que os mellores autores nas outras linguas do Estado foron Yolanda Arrieta (eusquera), Rodolf Sirera (catalán) e Juan Mayorga (castelán). [Aquí](#) poden coñecer o resto dos premiados.

- 'A estampa posmoderna da escena urbana', crítica de *Paso de cebra* no [Cartafol de libros](#)

- 11:03 14/03/2006